

ESCOLA DA VIDA

## Fillos trastornados, pais desesperados

20.06.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

A semana pasada celebráronse en Santiago de Compostela unhas xornadas en torno ao tema do trastorno por déficit de atención, tamén coñecido como TDA. Nelas participaron destacados especialistas, que, cada un desde a súa área, achegaron numerosos coñecementos sobre un dos trastornos que máis traen de cabeza, non só aos pais senón tamén aos profesores e a todos os que teñen que compartir espazos de vida coas persoas que o padecen.

Pero, en que consiste este problema? É unha afección que se caracteriza por problemas coa atención, a impulsividade e o exceso de actividade. Afecta a entre o 5 e o 8 por cento dos nenos en idade escolar, e do 2 ao 4 por cento dos adultos. En Galicia, hai, segundo os expertos, unhas 15.600 persoas con este trastorno, a maioría delas sen diagnosticar e, polo tanto, sen tratamento. Deste tipo de nenos adoita haber unha media dun por aula. Son rapaces que non se concentran que non seguen as explicacións do profesor, e que, en consecuencia, non aprenden ben. Para o seu maior mal, ás veces, adoecen doutros trastornos, síndromes ou tics asociados como pode ser o do negativismo, é dicir, enfróntanse aos demais, ao negarse a seguir as pautas que se lles indican, o que os converte en sociais, ou teñen dislexia ou discalculia, entre outros anomalías. Tendo en conta que o TDA está asociado a un problema de tipo orgánico, os pacientes van convivir con el durante toda a súa vida. Pero debido a que é o problema mental mellor estudado, se sabe que se se dá unha detección precoz e se fai un seguimento do seu tratamento médico e terapéutico os afectados terán unha vida moito máis doada e, ao tempo, tamén o seu contorno, podendo chegar a pasar por suxeitos normais en todos os ámbitos da súa evolución.

Por isto, a solución pasa por formar, principalmente, os profesores na súa detección e na actuación conxunta coa familia dos afectados para derivalos aos servizos médicos especializados, cando esta non tivese feita a consulta previamente. Actuar neste sentido supoñerá: para os pais, tirarse de enriba un sentimento de culpa que a ben seguro lles corroe por canto, normalmente, pensan que fixeron ou están a facer algo mal na educación do seu fillo ou filla, e para os profesores, por gañar moito tempo para as súas clases, ao deixar de estar a chamarlles a atención reiteramente, perdendo, así, a concentración e as forzas para levar adiante o seu traballo co resto dos alumnos. Pero a mellor parte vai ser para o neno ou a nena, que vai empezar a considerarse normal tanto na súa socialización como na súa aprendizaxe. Formar e previr neste problema significará un alivio non só para as partes implicadas senón tamén para os sistemas sociais en xeral, ao erradicará investimentos posteriores máis custosos e non tan eficaces.